



Concello de Baralla

BANDO

D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).-

FAI SABER:

Á VECIÑANZA, que debido á preocupante situación xerada pola expansión do Coronavirus (COVID-19), este Concello adopta as seguintes medidas preventivas:

- O peche das seguintes instalacións municipais: Centro Sociocultural e Xuvenil, Pavillón Polideportivo e Punto de Atención á Infancia (PAI).
- A suspensión de todas as actividades municipais deportivas, culturais, sociais e lúdicas impartidas desde o Concello, realizadas en todos os edificios públicos.
- A suspensión de actividades, cursos, talleres e similares que por parte asociacións, agrupacións, veciños/as etc se leven a cabo en instalacións ou edificios municipais.
- A suspensión de todas as autorizacións municipais para eventos, feiras, charlas e coloquios. Suspéndese a Feira Municipal do día 18 de marzo de 2020.

A suspensión levarase a cabo durante as dúas próximas semanas e empezará a contar desde o venres 13 de marzo de 2020, con posibilidade de prórroga en función de como se desenvolvan os acontecementos.

RECOMÉNDASE:

- Evitar as aglomeracións, realizar viaxes e desprazamentos, salvo que sexan imprescindibles.
- Non levar aos nenos e nenas ao parque infantil.
- Seguir as instrucións dictadas polas Autoridades Sanitarias.

Solicítase a todos os veciños e veciñas de Baralla a máxima colaboración.

Baralla, 13 de marzo de 2020

O ALCALDE

Asdo. Miguel González Piñeiro

Concello de Baralla

ANEXO I

Que debes saber do novo Coronavirus?

Os Coronavirus son virus que circulan entre os animais mais algún deles tamén poden afectar aos humanos

O novo Coronavirus identificouse en China a finais de 2019 e é una nova cepa que non se vira antes nos seres humanos



Os **síntomas** máis comúns da enfermidade polo Coronavirus (COVID-19) son:

FEBRE



TOSE



SENSACIÓN DE FALTA DE AIRE



TELÉFONO DE INFORMACIÓN PARA CIDADÁNS

900 400 116

Medidas para protexernos do coronavirus



Lavar as mans frecuentemente



Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca



Ao tusir cubrir a boca cun pano desbotable ou contra o brazo co cóbado flexionado.



Con síntomas respiratorios evitar o contacto próximo con outras persoas

AO CHEGAR OU EN CONTACTO CUNHA PERSOA QUE VEÑA DUNHA VIAXE A UN ÁREA DE RISCO

SÍNTOMAS



Non acudir directamente ao hospital ou Centro de Saúde

senón **CONTACTAR TELEFONICAMENTE CO 061**



CVE-DOG: wic8yvg8-m.1u3-lqj6-xkt3-o2i29ehieu33

